

Retórica dos espellos

Tennos afeitos Vaqueiro a unha produción literaria que sempre ten tras de si a maxia do intre, da instantánea captada por sorpresa que, posuídora dunha luz tan lixeira como impactante, vai atravesando o texto paseniñamente, case sen que o lectorado se decate de que a imaxe fixada, estantía, agóchase detrás da palabra. Así nolo amosaron a súa xa importante produción e mesmo os títulos dalgunhas das súas obras poéticas, como *Lideiras entre a paisaxe* (1979) ou *A cámara da néboa* (1989). Non obstante, a narrativa do autor deixa translocer con maior claridade esa conexión entre fotografía e literatura e, desta volta, na súa última creación, *Os espellos do tempo*, Vaqueiro chanta a imaxe no centro xeométrico da ficción. Desde alí, como se dunha pedra roseta se tratase, vai tecendo ideas en diferentes direccións, con destino a todas as artes: especialmente á imaxinación pictórica e á fábrica de soños cinematográfica, sen deixar a un lado o pensamento filosófico e un alento de poeta que fai latexar ao seu antollo.

O resultado é unha sorte de novela absolutamente digresiva e arbórea, que nos pasea por diante diferentes e inxentes referencias culturais para “conmovernos”: movernos cara a unha acción que, ás veces, consiste unicamen-

A palabra que se fai imaxe



MONTSE PENA
PRESAS

da vida de “Eu”. Un “Eu” que se desdobra e que, namentres é primeira persoa, tamén se pode converter nunha terceira, unha sorte doutra cara da moeda, de suxeito posmoderno que se allea do seu ser primixenio para conseguir logo atoparse de novo. Alén disto, o peculiar protagonista vive tamén diferentes etapas históricas, abalando entre o presente e o tempo da batalla de Waterloo, como fai notar o propio narrador. O texto

r e -

este texto poderá ser catalogado como a novela do fotógrafo mais (...) ao longo del axe, e seguirá axinando, a fotografía”. Mais os artificios ideados por Vaqueiro para conseguir que o público receptor sexa ultraconsciente dos estreitos filamentos que diferenzan entre mundo real e imaxinado van moito máis alá. Neste senso podemos entender a introdución de diferentes artificios narrativos: unha suposta correctora, que vai deixando as correspondentes notas ao longo do escrito; o “Álbum de citas”, serie de pensamentos tirados de pensadores, escritores ou filósofos que complementan diferentes arestas da propia narración –aínda que tamén formen parte dela–; e o “Álbum fotográfico”, onde se inclúen as imaxes que máis incidencia tiveron na vida de “Eu” e se pretende



TEXTO RECRÉASE NA RUTURA ARREO DO HORIZONTE DE EXPECTATIVAS

te en pechar os ollos e sentir. Sentir o momento e o lugar ao que o autor nos está a trasladar habilmente, case queréndonos introducir no interior dunha fotografía. Pese a isto, tras as liñas de Vaqueiro obsérvase a clara intención de querer tecer unha historia feita con retallos, a (auto?)biografía

créase, constantemente, na rutura dun horizonte de expectativas que cambia e volve cambiar, sen ser nunca estábel. A autorreferencialidade e a meta-ficción son practicadas constantemente, chegando a constituírse, nun número notábel de páxinas, nun aspecto central ao redor do que xira todo o escrito. Porque a voz que narra pretende influír na visión que o lector ten da novela e na súa opinión crítica, chegando a guialo na clasificación que lle debe outorgar: “ignoro se

aclarar a procedencia das mesmas. Todo ficción dentro da ficción para perdernos por unha novela que é ollada e impresión, retórica de espellos que nos trasladan dun cara o outro sen que cheguemos a saber cal é o primixenio.

VAQUEIRO, Vitor; *Os espellos do tempo*, Ed. Galaxia, Vigo, 2008, 295 páxinas.